



CAMPO DE VOLUNTARIADO "RESETEA PONTEAREAS" (PONTEAREAS - PONTEVEDRA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
06-17/08/2025	18-30	Estatál	Medioambiental	15



LOCALIZACIÓN

Ponteareas é un concello e unha vila situada ao sur da provincia de Pontevedra, a 40 km da capital de provincia, Pontevedra.

DESCRICIÓN DO CAMPO

Neste campo de voluntariado "ReseTea Ponteareas" preténdese realizar unha intervención para a mellora ambiental e patrimonial da contorna da praia fluvial da Freixa, abarcando liñas de acción ambientais, patrimoniais e de uso público.

Preténdese, ademais, a interacción coa comunidade, propondo actividades conxuntas de lecer e convivencia coa veciñanza. O feito de estar dentro da comunidade levando a cabo un traballo que vai repercutir na recuperación do patrimonio e na

ocupación do seu tempo de lecer, contribuirá ao recoñecemento dos/as veciños/as da zona ante as actividades levadas a cabo polas persoas participantes no campo.

Deste xeito, artellamos un proxecto de intervención composto polas seguintes actividades de traballo:

- Recolla de residuos e de flora exótica na contorna da praia fluvial da Freixa, así como en todos os sitios onde vaiamos realizar actividades.
- Acondicionamento da Fonte da Freixa e outros elementos de uso público que poidan atoparse deteriorados.
- Realización de actividades de "educ-acción" ambiental, tales como a fabricación e colocación de refuxios de morcegos e caixas niño para curuxas.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Actividades socioculturais e etnográficas encamiñadas a coñecer a contorna (festas tradicionais, visitas á contorna, ceas interculturais...)
- Actividades deportivas de tempo libre (xogos, paseos en caiac, paddle surf, excursións, praia...)
- Visitas a lugares ricos en patrimonio histórico-artístico e natural (Faro de Budiño e gándaras, PN Monte Aloia, Serra do Galiñeiro...)

COMO CHEGAR

Dende Santiago pódese viaxar por estrada en bus, vía Vigo, con www.monbus.es ou en tren (www.renfe.es).

Dende Vigo a Ponteareas, www.monbus.es.

Vindo en tren ou en bus ata Ourense, dende alí a Ponteareas por estrada con www.monbus.es.

ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Convento de Canedo.

Lugar de Canedo, 33, 36860 Ponteareas (Pontevedra)





INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día do campo de voluntariado, no lugar do aloxamento, a partir das 16.00 h.

O campo remata o último día despois do almorzo.

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros.

As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

- Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.
- Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo e toalla de ducha
- Saco de durmir e unha pequena mochila para rutas



- Zapatos ou botas de montaña
- Roupa de abrigo, chuvasqueiro e roupa impermeable
- Roupa de traballo, roupa deportiva, calzado deportivo e traxe de baño
- Lanterna e cantimplora

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes dispoñen dun seguro de accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTO

Dirección Xeral de Xuventude: camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Vigo: campospontevedra.xuventude@xunta.gal





INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude

